



COMUNICADO ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA

RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

Luns , 8 de novembro de 2021

Prezadas Familias:

Nas próximas semanas temos ante nós un **reto importante** : a renovación parcial do noso Consello Escolar. Nesta convocatoria serán renovadas dúas (2) prazas do sector familias dun total de 5, tres (3) do sector profesorado, un (1) do sector de persoal de administración e servizos e un (1) representante municipal.

Das **dúas prazas a renovar** neste curso académico 2021-2022 no sector das familias, unha será elixida directamente pola ANPA, tal e como recolle a normativa. A outra praza sairá do correspondente proceso electoral.

É moi importante lograr persoas candidatas para este órgano colexiado do goberno de centro polo que animámosvos a presentar candidaturas, Ao mesmo tempo, é imprescindible asistir **á votación do martes 23** para garantir o cumprimento dun dereito esencial e de consolidar a corresponsabilidade entre familia e escola. Na última convocatoria a asistencia á votación non foi a desexada. Agradecemos dende o Consello actual a vosa presenza nestas votacións.

1. Calendario do proceso

O martes, día 2 de novembro, foi constituída a **Xunta Electoral** que coordinará este proceso de renovación. Aínda que remitimos o calendario completo e está dispoñible na nosa web, queremos resaltar varias datas importantes:

ACTO DO PROCESO	DATA DE REALIZACIÓN
Exposición dos censos de votantes	Luns 8 de novembro na web do centro e por Abalarmobil *** Importante comprobar a inclusión no mesmo para poder garantir o dereito ao voto
Apertura de presentación de candidaturas	Do luns 8 ao luns 15 de novembro (Modelo a recoller na secretaría do centro, na web e por Abalarmobil)
Sorteo das mesas electorais no sector de pais e nais	Martes, 16 de novembro As persoas seleccionadas serán avisadas pola Xunta Electoral
***Votación dos distintos sectores	Martes 23 de novembro no vestíbulo do centro Horario por determinar e con DNI da persoa votante

Moito ánimo, boa saúde e...a participar (Xunta Electoral)